

# Motacilla alba (Linnaeus, 1758)

	lavandeira branca
	lavandera blanca
	buztanikara zuria
	cuereta blanca
	white wagtail
	alvéola-branca



FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Motacillidae	<i>Motacilla</i>



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIS

Peso	21 g
Lonxitude	18 cm
Envergadura	28 cm

## ALIMENTACIÓN

Insectívora, destacando o consumo de larvas e adultos de moscas e mosquitos.

## COMPORTEMENTO

As femias constrúen os niños con herbas, pelo e lá de ovella en buratos entre as rocas, edificios ou pedras. Son gregarias durante o inverno; se ben durante o día non forman grupos grande, adoitan xuntarse ao atardecer para durmir en zonas húmidas.

## REPRODUCCIÓN

Celo entre abril e agosto. Ata 3 postas, de 4-6 ovos brancos e con finas motas, incubados por ambos sexos durante 12 días. Tras 10-15 días os polos abandonan o niño.

## HÁBITAT

Ríos, regatos, charcas, pastizais, hortas, regadíos e parques, sempre asociada á auga.

## DISTRIBUCIÓN

Latitudes temperadas e frías de Eurasia e tamén Alaska e Grenlandia. No inverno esténdese por África e sur de Asia.

## CURIOSIDADES

Ten costume de acopañar ao gando, camiñando entre as patas das ovellas aproveitando os insectos que estas levantan ao seu paso, ou acudindo aos tractores comendo os invertebrados que estes deixan ao aire.